

1º DE MAIO

día internacional da clase traballadora

Polo emprego, dereitos e prestacións sociais

A intensidade coa que se está a producir a crise do capitalismo, está provocando de xeito acelerado a destrución de miles de emprego en Galiza. As empresas aproveitan a caída da actividade para impoñer despedimentos baratos do persoal con contratos fixos por medio de ERE. Mentres isto sucede a CEOE e Institucións Públicas como o Banco de España reclaman reformas estruturais nos dereitos do traballo, diminución dos salarios e recortes nas coberturas e prestacións sociais.

AS respostas do Goberno Español en perfecta sintonía coa doutrina do neoliberalismo, pasa por conceder miles de millóns de euros do diñeiro público ó capital financeiro especulativo, responsable da crise, e destinar axudas a sectores industriais sen comprometer e condicionar o mantemento do emprego. Non debemos esquecer que o beneficio empresarial nos dez últimos anos no estado español foi superior ao 70%, dúas veces maior que a media Europea. O reparto da riqueza creada concentrouse nas mans dos mais ricos. Todo isto ao tempo que en Galiza superamos os 200 mil parados/as, continua o derrame incesante de regulacións de emprego e peches de empresas e a negociación dos Convenios está paralizada interesadamente polos empresarios.

Dende a CIG nestes últimos meses temos mobilizado diferentes sectores na defensa do emprego,

manifestando como organización, a urxencia por unha necesaria resposta da clase traballadora que obrigue medidas extraordinarias de alcance político. A reactivación da economía coa creación dunha banca Pública, tamén en Galiza, que non permita o estrangulamento do sistema produtivo; a protección dos desempregados e daqueles/as que xa non teñen ingresos por medio dun salario de reinserción laboral, unha fiscalidade progresiva na que paguen mais os mais ricos, ampliar os sistemas de protección social básicos (saúde, pensións, atención a situacións de dependencia e discriminación, etc.) o desenvolvemento de infraestruturas e actividades económicas que se baseen na protección do medio ambiente e potenciar a soberanía alimentar....ou sexa avanzar cara un novo modelo económico e social, que comprometa a soberanía do pobo galego e o socialismo do século XXI.

POR UN NOVO MODELO ECONÓMICO E SOCIAL.



1^o
DE
MAIO

Día internacional da clase traballadora

A comarca de Vigo esixe medidas extraordinarias e urxentes contra a crise

Esta crise global está a cebarse especialmente na comarca de Vigo, xa que ademais do sector da construción, afectado en todo o país, a importante dependencia que sufrimos do sector da automoción colócanos nunha situación económica e laboral moi grave.

VIGO e o seu contorno alcanzaron xa os 40.000 parados e paradas, dos que moitos non perciben ningún tipo de prestación, e outros moitos deixarán de percibila nos próximos meses.

Mentres tanto, na nosa comarca, empresas de todos os sectores da produción están a botar man dos expedientes de regulación de emprego e dos despedimentos obxectivos para abarataren a produción, reducir cadros de persoal e suprimir emprego fixo, ou, no mellor dos casos, para socializaren perdas despois de anos e anos de recollida de beneficios. O máis grave é que nalgunhas desas empresas, ao mesmo tempo, estanse realizando horas extras e contratando ETT e empresas de servizos para suplir os postos de traballo regulados.

Na negociación colectiva estamos asistindo a constantes incumprimentos dos acordos asinados, e a propostas autenticamente escandalosas nas que a patronal propón conxelar salarios ou incrementar xornada a cambio de manter o emprego, coa excepción por suposto, dos postos directivos, que seguen a repartírense dividendos e primas.

Fronte a esta situación, é necesario que as administracións tomen medidas extraordinarias e urxentes que teñan por finalidade incrementar as coberturas sociais para así evitarmos as situacións de exclusión dos traballadores e traballadoras sen emprego; que persigan unha maior vixilancia e unha actuación estrita na tramitación dos ERE's e no seu cumprimento, que desenvolvan unha política fiscal máis xusta e solidaria. Son estas algunhas das medidas que dende a CIG levamos defendendo, e esixíndollas ás administracións, desde hai xa meses,

Pero tamén é necesaria unha aposta polos nosos sectores produtivos tradicionais, diversificando o noso tecido económico e investindo ao mesmo tempo en novos sectores emerxentes, que creen novos empregos e garantan a independencia económica da nosa comarca de sectores concretos, que tan vulnerable a fan en momentos como este.

É preciso, neste 1º de Maio, mobilizámonos en defensa da nosa soberanía nacional, dos nosos sectores produtivos, do emprego con dereitos e das prestacións sociais.

EN DEFENSA DA NOSA CLASE E DO NOSO POBO, MOBILÍZATE COA CIG

Manifestación en Vigo
Ás 12h dende o cruce da Doblada



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com